

## 6 EN PROFUNDIDADE

O título préstase a un dobre xogo. O da revista do mesmo nome, que se concibe no posconcilio, ve a luz co seu número 1 no 1977, e teño nas mans, ben fresquiño, o 190. E, *encrucillada*, cruzamento, foi tamén a que experimentou a traxectoria vital de Paco Carballo polas mesmas datas, e pola mesma causa, como consecuencia do mesmo Concilio.

Na *encrucillada* de Paco, como na de moitas persoas cristiás, predeu unha nova luz iluminando novos camiños de seguimento e novas formas de realización persoal e comunitaria. Asume os cambios que se producen na Igrexa universal e dálle un xiro á súa vida, sen voltas atrás. Non lle fixo falla cambiala de rumbo. Outros fixérono porque así llo ditou a súa conciencia. Paco, xa sacerdote e relixioso da congregación dos Padres Paúles, comprendeu que podía seguir servindo a Igrexa, e a humanidade, desde a súa vocación de educador, desde o seu ministerio sacerdotal, desde a súa pertenza á comunidade dos Paúles e desde o seu compromiso coa súa terra e coas súas xentes. En Paco predeu a "Gaudium et spes" enteira, pero sobre todo aquilo de: "toda forma de discriminación nos dereitos fundamentais da persoa, xa sexa social ou cultural, por mor da súa raza, sexo, cor, condición social, lingua ou relixión, debe ser vencida e eliminada por ser contraria ó plan divino" (II, 29). E tomouna en serio.

Por iso a Paco nunca o freou a resistencia das xerarquías, nin as chamadas a aproveitarse das novas concesións para ter unha vida máis folgada, nin as ameazas policiais, nin os consellos benintencionados para que non se metera en política... El fixo o que pensou era máis rendíbel para que as persoas puideran vivir mellor. Profesou a súa fidelidade a Deus, sendo fiel ó Concilio que lle marcaba un camiño novo –se se pode chamar novo o que xa está no Evanxeo– de servilo a El no ser humano que vive no século XX-XXI

### PAÇO NA REVISTA ENCRUCILLADA

A revista *Encrucillada* tivo un primeiro proxecto aínda sen nome. Penso que ninguén ousou poñerllo. Pero xa nos Coloquios de Parroquias, que desde 1966 reuniron un grupo de cregos que tentaron levar adiante unha nova evanxelización, tívose a idea de crear unha revista galega, lingua incluída, e cristiá. Partindo da nosa propia orixe e pensando no desenvolvemento da nosa propia terra. Pepe Chao primeiro, e Antón G.Vilasó despois, lideraron no comezo esta iniciativa, inspirándose na encarnación na realidade que pedía o Concilio ós cristiáns. Logo entraríamos os laicos e as laicas... pero iso é outra historia. Paco estivo activo nos Coloquios os vinteun anos que duraron, ata 1987.

A revista iniciase nos anos 1974-75. Neste curso académico teñen lugar en San Roque, Santiago, unhas xuntanzas que serviron de reflexión sobre a realidade e de proxectos de Igrexa galega, de encarnación, de fraternidade entre cregos e laicos/as, de compromiso cristián, e da necesidade dunha revista de pensamento que, dende unha teoloxía renovada, alimentara a praxe dos e das crentes. Falouse de nomes, enderezo, consello, campañas publicitarias, de formato, de editoras... Por estas reunións pasaron moitas persoas, enriquecendo, discutindo, programando... E logrouse un nome, *Encrucillada*, proposto polo "futuro director", Andrés Torres Queiruga, un Consello de redacción, unha sociedade editora, SEPT, e un número 0 totalmente programado. O lugar da sede local, debería ser Ferrol, diocese gobernada por Don Miguel Anxo Araújo, por ser o único bispo que nos podería "amparar"... fronte á institución política, que non daba, certamente, indicios de seguir as novas orientacións do Concilio Vaticano II.

Curiosamente este número 0 é o que nunca saíu... Por que? Porque se esta xestación de nove meses tivo lugar nos de outubro a xuño do 1974-75, a revista non puido saír ata febreiro de 1977. O réxime devolveu dúas veces o expediente que solicitaba os permisos, aínda despois da morte do "General".



Francisco Carballo en 1982.

# Francisco Carballo na Encrucillada

Carballo non estivo ausente desta empresa. Entrou no primeiro Consello de redacción, e sempre soubemos da súa pluma disposta a achegar o mellor do que se lle pedía.

Non hai que dicir que *Encrucillada* foi e segue a ser unha "empresa" ben pagadora en amizade, servizo, intercambios... Pero non paga nin pesetas nin euros, nin cheques, durante anos nin sequera gastos de viaxes... É só para bos e xenerosas... E quen non sabe da bondade e da xenerosidade de Paco Carballo? Por iso estivo con nós sempre, no Consello ou fóra pero sempre disposto a dar o que se lle pedía e a estar con nós en cada unha das aventuras nas que nos fomos metendo. Os Foros anuais, que xa van polo número XXIX, as monografías,

que vai pola sexta... e sobre todo as 550-600 páxinas que chegan cada ano ós lectores. Pero isto non é o máis nin o único que fixo Paco por nós. Non hai maneira de contabilizar outras doazóns como a súa amizade, a súa acollida, o seu interese, esa torrenteira de enerxía que recibías con so achegarte a el. Grazas. Seguimos contando contigo!

Por Engracia Vidal.  
Cofundadora da revista *Encrucillada*

### COLABORACIÓNS DE FRANCISCO CARBALLO NA REVISTA ENCRUCILLADA:

- "A Igrexa galega ante o Estatuto de Autonomía do 36" (nº 2, 1977, pp. 17-27)
- "Aproximación á historia da Igrexa Galega (1939-1975). Camiños para un análise" (sic) (nº 3, 1977, pp. 245-262)
- "No centenario de Basilio Alvarez. Basilio Alvarez, o sementador (1877-1943)" (nº 5, 1977, pp. 482-484)
- "Romaxe da Igrexa galega ás fontes do Miño (Meira) 16-09-78" (nº 10, 1978, pp. 495-498)
- "Sindicatos e outras organizacións no campo galego (S. XX I)" (nº 17, 1980, pp. 22-34)
- "Sindicatos e outras organizacións no campo galego" (nº 20, 1980, pp. 542-560)
- "O Padre Manuel Pereira Crespo na prisión por presunta relación coas FP/25 de Abril" (nº 41, 1985, pp. 51-57)
- "10 anos de Galicia: A década 1976-1986: problemática permanente e coxuntural" (nº 50, 1986, pp. 484-498)
- "Alexandre Bóveda (1903-1936)" (nº 50, 1986, pp. 529-535)
- "Os Coloquios galegos de cristiáns, 1966-1987" (nº 53, 1987, pp. 267-272)
- "Bibliografía de Frei Martín Sarmiento" (nº 127, 2002, pp. 201-205)
- "Alexandre Bóveda Iglesias" (nº 132, 2003, pp. 162-167)
- "O Concilio Vaticano II" (nº 147, 2006, pp. 125-142)
- "Acordanzas, desde 1936" (nº 154, 2007, pp. 400-402)
- Recensión de A nacionalización do pasado irlandés 1845-1937 (Javier Rodríguez, Madriñán) (nº 173, 2011, pp.106-108)
- "Premio a Francisco Carballo". Crónica de Cesáreo Iglesias (nº 177, 2012, pp. 200-203)
- "Palabras de Francisco Carballo. Resposta á Laudatio" (p. 177, 2012, pp. 204-207)

